



O DERRADEIRO SACRAMENTO

V CONCURSO DE CUENTOS REPSOL S. A.

PRIMER PREMIO EN LENGUA GALLEGA

Autora: **María Teresa Castro Enríquez**

ANO 1992

Limiar

Poucos bandoleros teñen o privilexio de ser definidos como Mamede Casanova, alias «Toribio», por varias figuras de sona coma Pardo Bazán, Valle-Inclán, e xornalistas como Cándido Franco, Petít, Noya, Grial.

Nado en Grañas do Sor, concello de Mañón, provincia da Coruña. Era aí onde a súa pasión de rateiro començou ós cinco anos, con roubos ós veciños da freguesía, dando orixe a varias copras de cego, onde sobresaie o roubo da mortalla dun cadáver. Condeado primeiro a pena de morte, e despois a cadea perpetua, foi posto en liberdade ó principio da guerra civil.

¿Qué foi de Toribio? Ninguén sabe como rematou a súa vida, e, a un mito non se lle debe iñorar ningunha parte dela. Vello e canso ¿a onde ir?, pois xunto ó seu curmán fuxido da xusticia pola serra da Corricada e Faladoira. Deste xeito hipotético, cando nos preguntamos ¿Quen foi Toribio? ¿Un bandoleiro? ¿Un bandido sen escrúpulos? ¿Unha consecuencia da facareña situación social e económica da Galica campesiña? ¿Un home sinxelo ó que unha sona o empuxou a facerse dono dela? ¿Un maqui? ¿Un pícaro? Sexa o que sexa, pidamos a Deus que nos libere das pautas dun home sen corazón, sen entrañas.

Pero sen dúbida, todo bandido na derradeira hora, nun curruncho do seu caletre ten tamén un arrepentimento do que foi a súa escura vida. Amerceémonos del, para que morra santamente.

Nadal 1991

O derradeiro sacramento

Chove. Chove arroiado. O ceo e a terra xúntanse nunha tormenta bíblica. Todo é mouranza na paisaxe montesina. De tempo en tempo o raio pon tintes macabros na escea e o trono estremece ata a raíz das pedras.

Os fusís da garda civil fixeron estragos na cuadrilla do Pinguelo. Dous dos seus homes foron aprexados, e tres mortos, pero o Pinguelo conseguiu escapar, levando consigo a Mamede Casanova «Toribio» o seu curmán, que vai ferido.

Pretos os beizos nun aceno de firmeza absoluta, e arrechuados os ollos para ollar mellor as tebras, a cabeza do bandido chorreante de auga, recortada sobre o ceo esterrecido, é a réplica astuta dun héroe clásico. As abas do chapeu, baixo o paso da chuvia cáenlle sobre a faciana, as orellas e a caluga. Coa destra atenaza o seu fusil e coa esquerda tira da trela para apurar a marcha da súa besta. Atravesado na sela, en mala postura para súa ferida, Mamede vai perdendo a vida polo bandullo furado e pola boca que delira.

O paso ondeante do animal golpea a cabeza do ferido contra o seu ventre pelado e duro. O Pinguelo cubriu o corpo do seu curmán cunha manta raída e vella. Pero a auga traspásaa, e corre sobre o seu corpo doloroso, e minúsculos regatos enceréllanse coas guedellas revoltas

dos seus longos cabelos que colgan en greñas retortas e enchoupadas.

Ás veces os cascos da besta arrincan faisquiñas das pedras e outras afóndanse na lama obrigándolle a redobrar o seu esforzo. Pero o Pinguelo, implacable e cruel, revolveuse asañado a culatazos contra ela.

Así, a golpes de relustro, o Pinguelo e seu curmán alónxanse na noite das balas da garda civil, subindo unha corredeira chea de bulleiro e goldra, esbaradiza e traicioneira.

—¡Aaaah! ¡Alí, alí Lorenzo! ¡Alí ven! —é Mamede que delira— ¡É o cabo Loureiro co seu cabalo! ¡Aaaah, que se nos ven encima!

O Pinguelo soltou a trela, chuoando da besta co fusil amartelado.

—¿Onde, Mamede? ¿Que é o que ves?

Á luz rutilante dun lóstrego un sin fin de sombras sinistras bailaron ó pé da corredeira. O Pinguelo volveuse cara o seu curmán e tomando a súa cabeza pendurante entre as súas mans enormes, díxolle:

—¿Estás malo, Mamedinho? Aguanta un pouquiño máis, que logo chegamos á palleira da túa compañeira. Aguanta un pouco.

Voltou a ocupar o seu posto diante da besta ata chegar á palleira.

–¡Aaaah! –berrou novamente o ferido– ¡Aaaah! ¡Que me agarra! ¡Pola alma da miña tía, non deixes que me bote no inferno! ¡Non! ¡Nooon!

–¡Cala, carallo! braduo, o Pinguelo. ¡Posme medo! Deixa en paz o inferno, xa o temos aquí.

A respiración do Mamede trócarase esgrevia e presa-da. De cando en cando parecía deterse, e axiña reanudábase con maior axitación.

–Lorenzo –dixo nun tono case normal–. Eu morro. Chama a miña compañeira e tráeme un cura porque eu morro, Lorenzo. Tráeme un cura e á compañeira, polo amor de Deus.

–¡Que has de morrer, ho!, replicou o Pinguelo estremecéndose. Achegouse ó curmán e pasoulle un brazo por debaixo da cabeza. Non digas parvadas, Mamede. Cando estralampe continuamos a marcha e procuramos un médico. ¡Agora mesmo imos continuar!

–Non. Non me movas. –Mamede falaba asosegado.

–Vai chamar a miña compañeira Tereixa e máis un cura; quero casar, Lorenzo, pola túa alma. Non quero morrer sin facer antes a Tereixa miña muller.

Un lóstrego débil e lonxano amosoulle ó Pinguelo a próxima morte do curmán. O sangue, coma unha baballa pegaxosa, bermella, escura, xorráballe pola boca a cada espiración, e a respiración era cada vez máis débil e máis rouca. O Pinguelo queríalle a seu curmán. Esto ninguén

pode dubidalo. Queriao cunha auténtica paixón fraternal.

–Vai chamar a Tereixa e a un cura, Lorenzo.

–Xa vou, Mamede; queda tranquilo.

A besta non obedecía ós trancazos do Pinguelo porque as súas pegadas afondábanse na lama. Só ó chegar a un terreo máis tésto conseguiu manter un trote longo. O bandido, noustante, seguía esporeando as illargas do animal coa agonía do seu curmán chantada no caletre. A fuxida noitebra e precipitada desorientara ó Pinguelo, pero sabía que no chao estaba as Grañas do Sor, e había un cura.

A tormenta quedara reducida a choiva. Os lóstregos cesaran xa.

De súpeto, unha sombra encollida, tétrica na mourenza, cruzouse brevemente perante o Pinguelo ocultándose tras dunha toxeira. A besta lanzou un rincho, como un berro histérico, e ergueuse de mans. O bandido dominou o animal coa esquerda e os xionllos, e coa destra desabotonou a zamarra e recadou a pistola que levaba no cinto.

–¿Quen anda ahí?, berrou. ¡Saia quen sexa!

O vento e a chuvia enroscados nun remuíño louco, golpearon a face do bandido, como un poutazo frío, levando o seu grito monte arriba.

Os ollos do Pinguelo, afeitos xa á escuridade reinante, albiscaron a silueta dun home agachado tras a sebe de toxos.

–¡Saia quen sexa ou queimoo vivo!

Unha voz débil e oca xurdiu baixo o ouveo do vento:

–Xa estou queimado dabondo. ¡Son o demo!

Ó Pinguelo amoreáronselle nos miolos os carpidos delirantes do seu curmán, os pelos puxéronselle de espeto e a pel ensapiñóuselle nun estremecemento medonhento.

–Pois vai quedar unha vacante no inferno. Vouche furar o pelexo se non saes de ahí coas mans ven altas.

Cunha resiña tola e agoreira, un homiño farrapento prantouse perante o bandido, e a besta bufou inqueda.

–¡Fondón!, exclamou o Pinguelo. Só ti faltabas nesta noite, maldito condenado cabrón. ¿A quen lle queres chuchar o sangue, fillo do demo?

Dun salto púxose o Pinguelo no chan e cravou o cañón da pistola no peito do Fondón.

–Agora has de ter que procurar un cura para casar ó meu curmán. ¡Veña! Tira diante de min e lévame onde o crego das Grañas.

–Deixaches só o teu curmán e tres demos róenlle agora o corazón.

–¿Cómo sabes ti que...?

–Eu seiño todo porque teño o demo no corpo.

–¡Veña! Lérame de contado onde o crego.

Obligoulle a camiñar.

O Fondón botou andar lentamente, facendo figuras de tolo. O Pinguelo colleu a trela da besta e siguiuno.

O endemoniado era un home miúdo de avanzada idade. Os seus vestidos eran farrapos roñosos. Na súa faciana había unha expresión maligna, acentuada pola boca desdentada. Nos ollos tiña un brillo gatuñeiro e inquietante. A longa e adrada cabeleira enchoupada, marcaba a liña esquelética do cráneo como unha funda de goma. A torre da igrexa fendía o horizonte, e o mencer puxera un ollo de cor bermello na súa fiestra de medio punto.

O Pinguelo e o seu sinistro guía atravesaron o adro, detivéronse diante da casa rectoral, que alzaba a súa escura mole de canteiría á dereita da igrexa, xunto ó extremo do cruceiro.

—Aquí hai un cura, dixo o Fondón.

O pobo durmía na brétema grisalla do abrente. O bandido afrontou o devandito portón enmarcado nun rexo ene de granito.

—¿Quen vive co crego?, preguntoulle ó Fondón

—A súa ama, noutro tempo pecado, hoxe carne fría.

—¿É vello?

—Noventa anos

O pinguelo tentou o puxigo co hombro

—Isto non abre así, dixo, e achegouse a unha fiestra que había á dereita. O Fondón ríase dando saltos. O Pin-

guelo botouse atrás, mediu o golpe e descargou o patadón e a fiestra abriuse cun bruido de vidros escarchados. A noite enchese de cans. O Pinguelo montou a pistola e entrou na casa. A escuridade era completa.

–Fondón, chamou o bandido, deténdose cego. ¿Onde andas, fillo do demo?

Ás apalpadas foi chegando ó nacemento da escaleira, e comezou a subila arrastrando ós pes na percura da cada chanzo.

Unha luz xurdiu de sócato diante del no alto da escaleira. O Fondón choutando como un bufón cun candil aceso na man. O Pinguelo correu tras del, deténdose na entrada dun cuarto. O Fondón, co candil na man brincaba dende o chan ós pés do leito no que xacía un vello cadavérico que seguía con ollos abraiados os brincos do tolo.

O Pinguelo quedou paralizado contemplando aquela estremunada, ata que outro chio de muller fixoo reaccionar. A vella ama de chaves, gorda, en camisón, axionllada noutro cuarto, tremía toda chea de pavura, e comenzou a bater a cabeza contra o chan facendo figuras de pranxideira. O Pinguelo agachouse á cabeceira do leito e dun tirón arrincou os cobertores. O corpo do cura era un couceiro seco a tremar.

Dun percheiro colgaba una raída sotana. O bandido colleuna.

–Axúdame a vestilo, dixo

Enfundaron aquel esqueleto na descolorida sotana e sacárono ata o adro. O Pinguelo cabalgou ó crego na besta. Atravesárono na sela, agarrou a trela e dixo:

–Guíame ata onde está meu curmán, Fondón.

Os raptores, alonxáronse perseguidos polo clarismo esluado do mencer. Atrás quedaban os carpidos esmorrecentes da vella ama de chaves.

Levaban camiñando dúas horas, e aínda estaban no chao. O Pinguelo botoulle unha hora máis ata o refuxio.

–Por aquí non viñemos, dixo. ¡Negro de ti se...!

Un río cortáballes o avance. A besta comenzou a avanzar na auga con dificultade. Os cascos esbararon nos cantos redondos cubertos de limo, e caiu. O cura deslizouse na sela, afondouse no río. O Pinguelo apresurouse a socorelo. Agarrouno polo colar da sotana e arrastrouno ata a beira. O pobre vello tremía coma un xunco, e entre o chavear das súas fauces desdentadas, parecía emitir unhas verbas nunha voz delgadiña coma un fío. O Pinguelo achegou a orella á boca do agoniante para escoitar as súas derradeiras palabras.

–¿Que?, preguntou, porque non entendía aquel murmurio feble.

–Confiteor Deo Omnipotenti...

Unha espiración aspra e prolongada anuncioulle ó bandido a morte do crego, que ficou conxelado nun chío de espanto. O Pinguelo recuou cheo de medo. Pouco a

pouco foi sobrepoñéndose, e tras unhos intres, rosmou entre dentes:

–¿E agora quen casa a meu curmán?

Recollendo a pistola esquencida no atordecemento, en cañou ó tolo, e, nun ton de voz que non deixaba lugar a réplicas, díxolle:

–Viste a sotana do crego, Fondón. Tí farás de sacerdote para casar o meu curmán e para que morra en paz.

Ó Fondón meteu o seu colo de galo pola defarrada sotana, deixou caer os faldós ondeantes que arrastraron polo chan, e largando unha gargallada louca, comenzou a esbrinzar e a barballoar maldicións.

O Pinguelo cabalgou a besta e dixo:

–Imos, camiña diante min

O Fondón cos seus pes saltaríns botou andar diante da besta. O mencer xa rematando, poñía clarescuros na fronde, e entre as ponlas baixas das árbores, fóronse perdendo os dous pouco a pouco. O sol asomaba a súa faciana de esmorgante entre uns buzarróns chumbos e mestos, e ó redor das árbores fórmanse pequenas poceiras con auga de pinga das súas follas. De súpeto unha voz feble, afogada, incrústase na paisaxe...

–Lorenzo... Lorenzo... ¡Meu Deus, meu Deus, ten piedade de min!

É Mamede, que no seu refuxio acompañado xa da súa compañeira sentimental consume os seus últimos

momentos. Hai no seu rostro unha lorideza absoluta, e a pucharca sobre a que xace está tinxida de sangue.

Entre a fraguiza, na ladeira, o bigote do cabo Loureiro, mouro e rizado facendo xogo co tricornio, frúncese nun aceno preocupado. De verde en verde, vence a follasca e só se adiviña lenemente o seu uniforme e a súa figura. A súa man xurde nun pequeno claro dando o alto á súa parella, poñendo unha nota circia na paixase.

Novamente o murmurio de Mamede Casanova roda monte abaixo, e outra vez a man do cabo ordea avanzar.

–¡Mamede! ¡Mamede! ¡Xa estou aquí, Mamede!

É a voz do Pinguelo. O murmurio do ferido contéstalle un pouco máis enfortecido. Entre a fronde hai un breve brillo metálico arrincado polo sol ó cañon dos fusís. Sobre a porta da palleira xurdiu a cabeza do Pinguelo precedida polo aceno endemoñado. A besta que atopaba dificultades na ladeira embarrada, viña, ó seu aire, máis atrás.

O bandido tan pronto acadou a gándara, ó fondo da cal se achegaba a palleira onde agoniaba Toribio, empurrou a máscara sacrilexia e berrou para tranquilizar a seu curmán.

–¡Mamede! ¡Mamede! Xa estou aquí co cura.

O ferido enfocou a súa mirada esvaicida ós ollos do curmán. Botou un grañido apagado e ferruxido cheo de alento, con palabras entrecortada:

–Ma...tri...mo...nio.

Sen soltar a seu curmán, con bágoas nos ollos o bandido con voz rexa dixo:

–¡Fon...! ¡Señor cura, veña casar a esta parella!

O Fondón achegouse ó agoniante. Dun enérxico tirón o Pinguelo obrigoulle a axionllarse ó seu carón.

–¡Casa a este home e máis esta muller! E logo a seu curmán: Aquí está o crego, Mamedíño, xa podes casar.

O Pinguelo liou un pito con moito vagar, sin deixar de observar atentamente a celebración do falso derradeiro sacramento.

Os ollos vidriosos, case sen vida, de Mamede Casanova, semellaban aliviados pola proximidade de Tereixa e máis a sotana. Intentou erguerse para darlle un bico a súa amada. E lembrando vella fórmulas de nenez a tateou:

–Sí, quero

O Fondón, de xionllos o seu carón, deixara os seus acenos e gramuras de tolo, e cunha seriedade cercana á crispación no rostro esmoleceado e cavernoso, dixo:

–Queres en Santo Matrimonio como lexítima esposa a Tereixa Pérez.

–Sí, quero. Respostou o agoniante, fito aprensivo e desconfiado o falso cura.

–¡Como cheiras, maldito cura! ¿Xa estou casado?

–Sí, respondeu o falso cura, pero debes acadar o perdón de Deus, e tes que devolver o que roubaches.

–¡Lorenzo, Lorenzo! –berrou Mamede alporizándose de novo–, leva daquí a este cura cabrón. Que fede, carallo.

Acudiu o Pinguelo á chamada do curmán.

–Fondón, que te esfolo, amenazou polo baixo ¿Que pasa, Mamedinho? acouga, ho, agora estás casado, Tereixa é a túa muller, deixa que che dé a bendición.

–Tedes que prometerme unha cousa, Lorenzo, pediu ó curmán e a súa muller, derrubado na poza e xa morto case na totalidade do seu corpo.

–!O que queiras, Mamede!, dime.

–Tereixa e Lorenzo, dicídelle ó cura que me absolva e xurádeme que lle daredes á igrexa a parte que levei dos roubos.

O Pinguelo era un home ferreño e forte de ánimo, pero a morte iminente do seu curmán, facíalle engradar e crebáballe a voz na gorxa.

–Non te preocupes, Mamede, que así faremos. Fondón, esta págasma. Bendicio.

Alzou o tolo a súa mán sarmentosa sobre a cabeza do moribundo, e comenzou vagariño a tracexar unha cruz no aire.

A voz do cabo oiuse case ó mesmo tempo cá descarga dos fusís.

–¡Alto aí, Pinguelo! ¡Dádebos presos!

A fraguiza, ourizada de tricornios e fusís, cuspiu lume por todas partes. Cinco ou seis balas penetraron no corpo de Mamede Casanova “Toribio”, sacudirono bruscamente e roubáronlle a pouca vida que nel quedaba. Un balazo foi parar ó peito do Fondón, botandoo contra o fondo da oquedade, bailando no aire como un boneco entolecido, e esmagou o seu corpo roñoso contra as paredes da furna. A besta, sen dúbida ferida tamén, dobrou as patas e deu cos fuciños no chan ó tempo que ceibaba un rincho agudo.

Lorenzo Casabella, «O Pinguelo», tirouse ó chan, e, a borcallóns, botouse ladeira abaixo. Cando cesaron os disparos e os civís trataron de cortar a súa fuxida, correndo dun lado para outro, aínda se oía a súa voz, nun braído enorme, coma o dun animal salvaxe e adoecido. Siguiu perseguido pola garda civil, pero o fóra da lei coñece o país.